

PREGUNTA ORAL SOBRE A REGULACIÓN SEMAFÓRICA ENTRE O IES ROSALÍA DE CASTRO E A ALAMEDA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Ante as reticencias que a instalación dun semáforo suscitou en membros da comunidade educativa do IES Rosalía de Castro, o pasado ano o anterior Goberno tomou a decisión de agardar ao remate do curso escolar para, coincidindo co inicio do novo curso, realizar sesións informativas coa comunidade educativa nas que se evidenciase a necesidade de tal instalación, procedendo entón a súa activación.

Malia coñecer a necesidade de activar o semáforo e a planificación prevista, transcorridos catro meses desde o inicio do curso, o semáforo segue sen activarse.

Á vista do exposto, compe formular a seguinte pregunta:

Que ten previsto facer o goberno municipal coa instalación semafórica que tiña como obxecto mellorar a seguridade de paso entre o IES Rosalía de Castro e a Alameda?

Santiago, 14 de xaneiro de 2016

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular